



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E O
CONCELLO DE BAIONA PARA A CELEBRACIÓN DA FESTA DA ARRIBADA DA
CARABELA PINTA 2017**

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D^a María Nava Castro Dominguez, en representación da Axencia Turismo de Galicia, con domicilio na Barcia, estrada Santiago-Noia, km. 3, 15897, Santiago de Compostela, en calidade de directora, en virtude do nomeamento realizado polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016), e actuando en virtude das facultades conferidas polos artigos 5 e 19 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos.

E doutra, D. Ángel Rodal Almuíña, Alcalde do concello de Baiona, no exercicio do seu cargo e ao abeiro das competencias que para vincularse neste acto se lle confiren na Lei reguladora das bases do réxime local, lei 7/1985, do 2 de abril e na Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

EXPOÑEN

Primeiro.- Que o concello de Baiona, segundo se sinala no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, ten competencias en materia de turismo, realizando para iso diversas actuacións entre as que cabe destacar a Festa da Arribada da Carabela Pinta, declarada de interese turístico internacional no ano 2015.



A Arribada da Carabela Pinta a Baiona é a **única** festa destas características que se celebra en Galicia converteuse nunha referencia **imprescindible** e nunha cita **ineludible** no calendario de festas da comunidade autónoma galega.

Así, posiciónase coma o evento mais adecuado para dar a coñecer o turismo náutico e deportivo xa que durante a súa celebración organízanse probas con motivo da Arribada, entre as que destaca a *Regata del Descubrimiento* celebrada en 1972 con máis de 3500 millas de recorrido y con una participación de máis de 70 barcos de distintos países.

Durante os días de celebración da festa, o casco histórico da vila de Baiona transformase e volta ao medievo. Este evento foise consolidando co paso dos anos e hoxe é un referente turístico que durante eses días xunta a máis de 200.000 persoas.

Non resulta posible promover a concorrencia debido a que a actividade de que se trata unicamente a pode realizar a entidade conveniente, dado que é a única que organiza a Festa da Arribada da Carabela Pinta.

Segundo.- Que a Axencia Turismo de Galicia , en virtude do disposto no artigo 9º do Decreto 196/2012, do 27 de setembro polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o exercicio, entre outras, das competencias en materia de fomento e competitividade do turismo.

Que no exercicio das súas funcións, a este órgano correspóndelle executar as medidas definidas para a promoción e fomento do sector turístico de Galicia, levar a cabo plans e programas de acción e colaborar no desenvolvemento de actuacións que lle permitan acadar os seus obxectivos.

Co obxecto de promover a imaxe de Galicia, a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Baiona consideran esencial colaborar na celebración da Festa da Arribada da Carabela Pinta 2017, posto que se trata dunha acción de interese común, cofinanciada polas partes e con beneficios conxuntos e que está definida para acadar o obxectivo de promover o turismo na Comunidade Autónoma de Galicia a través do apoio a este evento.





Terceiro.- Que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017 figura a aplicación 04.A2.761A.760.1, "*Axudas a festas de interese turístico*", código de proxecto 2017 00005 dotada con fondos propios da Comunidade Autónoma.

Con cargo a esta aplicación, a achega da colaboración económica da Axencia Turismo de Galicia para a realización das actuacións establecidas no convenio será de corenta mil euros **(40.000 €)**.

Dada a converxencia de ámbitos de actuación e o mutuo interese en xuntar esforzos na consecución duns fins que son comúns, as partes asinantes, en virtude da representación coa que interveñen, acordan a subscrición do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto do convenio

Constitúe o obxecto deste convenio establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o concello de Baiona, para a o apoio á celebración do 524 aniversario da Arribada da Carabela Pinta, que se levará a cabo os días 3, 4 e 5 de marzo de 2017, por considerar este evento como un dos elementos esenciais para o desenvolvemento turístico de Galicia.

A orixe histórica desta festa data do ano 1493, cando o un de marzo Martín Alonso Pizón arribou en Baiona e dende alí enviou a noticia do descubrimento de América aos Reis Católicos que se atopaban en Barcelona. A tradición sinala que dende esa data celebráronse na vila multitude de actos conmemorativos do feito trascendental da arribada da carabela Pinta, o que fixo de Baiona o primeiro porto do vello continente en coñecer a noticia do Descubrimento. Unha acta de 1892 acredita os actos celebrados na vila con motivo do IV Centenario.

As actividades que se desenvolven na festa son numerosas e de diversa índole: publicacións, exposicións, seminarios, conferencias, congresos, concertos e diferentes





actividades deportivas. Así mesmo inclúense actos como ofrendas florais, concesión de medallas e distintivos a persoas e institucións destacadas así como toda clase de actuacións relativas ao mercado medieval, rematando coa escenificación teatral da Arribada da Carabela Pinta á praia.

A categoría e relevancia acadada por este festa fan que a súa celebración acade unha incidencia directa no que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

Segunda.- Orzamento e financiamento

O orzamento estimado para a celebración da edición 524 da Festa da Arribada da Carabela Pinta á Baiona, ascende a **140.000.-€** que se distribúen do seguinte xeito:

Concepto	Importe
Gastos de publicidade, reportaxes fotográficos, vídeos promocionais, cuñas publicitarias, faldóns medios de comunicación, etc	18.365,76.-€
Deseño gráfico, cartelería varia, impresión lonas e portas medievais, vallas publicitarias, bandeiras Reis Católicos, etc	13.300,32.-€
Oficios artesanais festa da arribada: representación en vivo dos oficios de canteiro, ferreiro, oleiro, telleiro, redeiro, elaboración de instrumentos musicais, zoqueiro, cesteiro, etc	10.018,15.-€
Dirección e representación da obra de teatro "Arribada do descubrimento"- Feito histórico da Festa da Arribada.	7.800,00.-€
Actuacións medievais, tiro con arco, malabares, bufóns, pícaros, feiticeiros, exposicións de tortura e forxa medieval, caligrafía histórica, esgrima antiga, xustas medievais, V ciclo de conferencias de pobos Colombrinos de España, dereitos de autor, etc.	40.351,08.-€
Equipamento escénico festa da arribada: gradaría, iluminación e son, carpas, vallas, baños químicos, lucería, limpeza viaria, materiais diversos, seguridade viaria e cidadán, atrezzo festa, etc	27.836,69.-€
Gastos de protocolo e representación, hoteis pobos Irmáns,	





comidas de confraternidade, pincho oficial acto, agasallos institucionais, etc	15.500,00.-€
Aluguer traxes medievais para ambientación festa da arribada, adquisición vestimenta e atrezzo festa, limpeza traxes medievais propiedade do concello para obra de teatro, etc	6.828,00.-€
Total	140.000.-€

Deste orzamento, a Axencia Turismo de Galicia financiará a contía de corenta mil euros (40.000.-€) con cargo á aplicación orzamentaria 04 A2.761A.760.1 dos orzamentos xerais da Axencia Turismo de Galicia para o ano 2017. A contía restante para completar a execución do proxecto correspóndelle executala ao concello de Baiona. A achega que fai a Axencia Turismo de Galicia para posibilitar a realización das actuacións será dedicada aos gastos de promoción do evento, e só cubrirá o custo de realización da actividade sen que o concello de Baiona obteña beneficio ou lucro industrial algún con dita achega.

Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19. 4. c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento dos gastos correspondentes a favor do concello de Baiona unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas.

Terceira.- Compromiso das partes

1. O Concello de Baiona comprométese a:

- Desenvolver as actuacións recollidas na cláusula primeira deste convenio, e que constitúen o seu obxecto e xustificar a totalidade dos gastos por importe do orzamento previsto (140.000 €)
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da Xunta de Galicia a través da Axencia Turismo de





Galicia e incluír a “Marca Galicia” en todas as actividades obxecto do presente convenio de colaboración.

- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Acreditar o cumprimento por parte do concello do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, de conformidade co disposto no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

2. A Axencia Turismo de Galicia comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través de realización dun investimento por importe de 40.000 €. Esta colaboración económica financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2 761A.760.1 dos orzamentos da Comunidade Autónoma Galega para o ano 2017.

Esta achega da administración faise para compensar os custos nos que vai incurrir o Concello no desenvolvemento das actuacións previstas, e unha vez que o Concello achegue a correspondente xustificación dos gastos efectuados.



Cuarta.- Compatibilidade.

De acordo co disposto no artigo 40.1º, letra d) do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta.- Relación contractual

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Axencia Turismo de Galicia, e as persoas ou profesionais dependentes das entidades que desenvolvan as accións que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade algunha directa nin subsidiaria.

Sexta.- Xustificación e pagamento

A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto nos artigos 8 e 10 do Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, que deberá conter:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1. O cumprimento da finalidade da subvención.
2. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a



remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia


A conta xustificativa incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida.

Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración de Turismo de Galicia e a "Marca Galicia".

Asemade, deberá enviarse unha certificación bancaria do número de conta para facilitar o ingreso dos fondos.

Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, serán subvencionados os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.



Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que tivese incorrido o concello, como consecuencia da realización de actuacións acordes co obxecto do convenio e que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura do mesmo, sempre que se trate de gastos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2017.

A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será desde a formalización do convenio ata o 30 de xuño de 2017.

Se o investimento xustificado fose menor e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, corresponderá igualmente o pagamento do importe concedido sempre que a contía xustificada sexa igual ou superior a este.

Non obstante, non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levan a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.



Sétima.- Pagamentos anticipados e a conta

Poderanse realizar pagamentos anticipados, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención, sin que se sobrepase a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario obxecto deste convenio por importe do 100%, de conformidade co disposto no artigo 6.3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e no artigo 63.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos a conta conforme ao artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe do 100%. Para proceder ao seu pagamento, a entidade subvencionada deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula sexta.

De conformidade co disposto no citado artigo 65.4 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, o a entidade subvencionada está exonerada de constituír garantía relativa aos pagos a conta e anticipos previstos nesta cláusula.

Oitava.- Comisión de seguimento

Para o seguimento do convenio, da súa execución, ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poidan xurdir, créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia. As cuestións litixiosas xurdidas respecto da interpretación, modificación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia pola persoa titular da dirección da Axencia Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.





Novena.- Modificacións do convenio

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Décima.- Causas de resolución

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O transcurso do tempo estipulado sen que culminen as actividades acordadas.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.

Undécima.- Natureza xurídica e xurisdición competente

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, que os exclúe expresamente no apartado c) do parágrafo primeiro do artigo 4.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve, en canto non se opoña ao establecido na antedita Lei 9/2007; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin





á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

Décimo segunda.- Publicidade e rexistro do convenio

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición do convenio no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

Décimo terceira.- Autorización e consentimento para que se publiquen os datos persoais e demais especificacións que figuran no convenio

As partes asinantes autorizan e consinten a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.



Décimo cuarta.- Vixencia e tramitación anticipada

Este entrará en vigor na data da súa sinatura, terá vixencia ata o 30 de xuño de 2017 e financiará gastos correspondentes ás accións desenvolvidas desde o 1 de xaneiro de 2017 ata o remate da súa vixencia para o cumprimento dos obxectivos nel establecidos.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio, por duplicado exemplar e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento.

Pola Xunta de Galicia
A directora de Turismo de Galicia


María Nava Castro Domínguez

Pelo concello de Baiona
O alcalde


Ángel Rodal Almuíña

